



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN EXECUTIVA DO CONSELLO SOCIAL  
DO 24.05.2018**

**LUGAR:** Sala I do Edificio Miralles - Campus de Vigo

**DATA:** 24.05.2018

**HORA DE COMEZO:** 12:05 h.

**HORA DE REMATE:** 12:35 h.

**LISTA DE ASISTENTES**

D. Ernesto Pedrosa Silva  
D. Salustiano Mato de la Iglesia  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Javier Garrido Valenzuela

**ESCUSAN ASISTENCIA**

D<sup>a</sup>. Ana Isabel Vázquez Reboredo  
D<sup>a</sup>. Natalia Zunzunegui Garrido

**NON ASISTEN**

D<sup>a</sup>. Marta Iglesias Bueno

Secretario: D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O xoves día 24 de maio de 2018, ás 12:05 horas, celebrouse reunión ordinaria da Comisión Executiva do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

### **ORDE DO DÍA**

- 1.** Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (27.03.2018).
  - 2.** Informe do Presidente.
  - 3.** Aprobación, se procede, das taxas dos seguintes cursos:
    - IV Curso de formación en "Programación Java"
    - XV Curso de formación en "Catia V5: módulos CAD-DMU-CAE-CAM"
    - XVI Curso de formación en "Catia V5: módulos CAD-DMU-CAE-CAM"
    - II Curso complementario en "Valoración e tratamento da rexión cervical e a súa relación cranio-mandibular (ATM)"
    - XIV Curso de formación en "O IVE na fiscalidade empresarial"
    - IV Curso de formación en "Deseño, programación e administración de bases de datos"
  - 4.** Aprobación, se procede, das taxas académicas dos cursos de Extensión Universitaria previstos no Campus de Ourense en 2018.
  - 5.** Aprobación, se procede, das taxas académicas dos cursos de Extensión Universitaria previstos no Campus de Pontevedra en 2018.
  - 6.** Aprobación, se procede, dos prezos públicos para o Programa de maiores a desenvolver no curso 2018/2019.
  - 7.** Aprobación, se procede, dos prezos para o Campus Camp do verán de 2018, nos tres campus da Universidade de Vigo.
  - 8.** Informe sobre as Memorias finais dos seguintes cursos:
    - a) Con aprobación previa do Presidente:
      - III Curso de formación en "Deseño, programación e administración de bases de datos"
      - III Curso de formación en "Programación Java"
      - I Curso de formación en "Deseño web"
      - XIII Curso de formación en "Catia V5: módulos CAD-DMU-CAE-CAM"
      - XIV Curso de formación en "Catia V5: módulos CAD-DMU-CAE-CAM"
      - III Curso de formación en "Análise avanzada da información (Microsoft Excel)"
      - I Curso de formación en "Enxeñaría no sector aeronáutico: das tecnoloxías de deseño á xestión do mantemento"
      - I Curso complementario en "Valoración e tratamento da rexión cervical e a súa relación cranio-mandibular (ATM)"
      - IV Curso complementario en "Ferramentas de tradución profesional"
      - I Curso complementario en "Introdución á programación na linguaxe C e aplicacións sobre a plataforma ARDUINO"
      - XV Curso de máster/especialista en "Auditoría e contabilidade"
    - b) Sen aprobación previa do Presidente:
      - VII Curso de formación en "Estatística con "R" para investigadores"
      - V Curso de formación en "Estatística con "R" para profesionais da saúde"
  - 9.** Aprobación, se procede, da axuda solicitada para a organización do concerto conmemorativo do Pergamiño Vindel.
  - 10.** Rogos e preguntas.
-



### **PUNTO 1**

*Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (27.03.2018).*

- ***Apróbase por asentimento.***

### **PUNTO 2**

*Informe do Presidente.*

Expón don Ernesto Pedrosa que cos puntos tratados nesta sesión a Comisión deixa despachados todos os asuntos ante a chegada do novo equipo de goberno da Universidade de Vigo. Engade don Salustiano Mato que tamén o seu equipo fixo un esforzo importante para non deixar cuestións pendentes e facilitar unha entrada ordenada do novo Reitor, sobre todo en materia económica, coa anticipación en case un mes da liquidación de contas do exercicio 2017 e da auditoría.

### **PUNTO 3**

*Aprobación, se procede, das taxas dos seguintes cursos:*

- *IV Curso de formación en "Programación Java"*
- *XV Curso de formación en "Catia V5: módulos CAD-DMU-CAE-CAM"*
- *XVI Curso de formación en "Catia V5: módulos CAD-DMU-CAE-CAM"*
- *II Curso complementario en "Valoración e tratamento da rexión cervical e a súa relación cranio-mandibular (ATM)"*
- *XIV Curso de formación en "O IVE na fiscalidade empresarial"*
- *IV Curso de formación en "Deseño, programación e administración de bases de datos"*

Informa o presidente que as propostas que se presentan cumpren as recomendacións do Consello Social. Revisadas as temáticas, a Comisión ACORDA:

- ***-Aprobar as taxas dos seguintes cursos:***

*-IV Curso de formación en "Programación Java" -XV Curso de formación en "Catia V5: módulos CAD-DMU-CAE-CAM" -XVI Curso de formación en "Catia V5: módulos CAD-DMU-CAE-CAM" -II Curso complementario en "Valoración e tratamento da rexión cervical e a súa relación cranio-mandibular (ATM)" -XIV Curso de formación en "O IVE na fiscalidade empresarial" -IV Curso de formación en "Deseño, programación e administración de bases de datos".*

### **PUNTO 4**

*Aprobación, se procede, das taxas académicas dos cursos de Extensión Universitaria previstos no Campus de Ourense en 2018.*

Dáse conta da incidencia que presenta o curso "*A narrativa audiovisual do presente: vieiros, formatos, pantallas*", que dirixe don Miguel Anxo Fernández e no que a retribución a profesores excede a cantidade recomendada polo Consello Social. O director, nun escrito xustificativo argumenta que se debe ao prestixio dos poñentes, ao seu prezo de mercado e ao traballo de interacción que fan co alumnado. O secretario subliña que a mesma incidencia se ten detectado nas últimas edicións do curso, que se celebra en Celanova dende hai 13 anos en colaboración coa Cátedra Carlos Casares, e que ten o visto bo da Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes do Campus de Ourense, competente neste tipo de cursos. A Comisión ACORDA:

- ***-Aprobar as taxas dos seguintes cursos:***

*- "Parentalidade positiva e mediación familiar" - "Educación da voz e do discurso. Pedagogía para unha comunicación eficaz" - "A narrativa audiovisual do presente: vieiros, formatos, pantallas" - "Turismo de benestar baseado na cultura da produción tradicional do viño, da cervexa e da sidra" - "Retos e perspectivas para a conservación do medio ambiente no S. XXI" - "Experto en prototipado con ferramentas 4.0: proxectos robóticos, electrónicos e microinformáticos".*



### **PUNTO 5**

*Aprobación, se procede, das taxas académicas dos cursos de Extensión Universitaria previstos no Campus de Pontevedra en 2018.*

Salienta o presidente a correcta presentación das propostas, nas que se precisa o número de profesores en cada caso. A Comisión ACORDA:

- ***-Aprobar as taxas dos seguintes cursos:***

*–"Ensinar Ciencias con robótica, programación e produción de contidos multimedia para encerado dixital" –"Estratexias para a prevención e recuperación de lesións na actividade física e o deporte" – "Facendo físico lo intanxible: introdución á impresión dixital tridimensional" –"Aplicacións da neuroeducación na escola".*

### **PUNTO 6**

*Aprobación, se procede, dos prezos públicos para o Programa de maiores a desenvolver no curso 2018/2019.*

Examinada a documentación que se achega, na que se propón os mesmos prezos de 2017: 125 € por 18 créditos matriculados, e 8 € por cada crédito para o resto de matrículas (sen incluír os servizos administrativos e outros importes de xestión), a Comisión ACORDA:

- ***-Aprobar as taxas.***

### **PUNTO 7**

*Aprobación, se procede, dos prezos para o Campus Camp do verán de 2018, nos tres campus da Universidade de Vigo.*

Cos mesmos prezos de 2017, as actividades para nenos nos tres Campus sitúanse entre un máximo de 160€ por xuño, xullo e setembro, e un mínimo de 8€ por día solto, con deducións polo segundo e seguintes nenos matriculados, a Comisión ACORDA

- ***-Aprobar os prezos propostos.***

### **PUNTO 8**

*Informe sobre as Memorias finais dos seguintes cursos:*

*a) Con aprobación previa do Presidente:*

- *III Curso de formación en "Deseño, programación e administración de bases de datos"*
- *III Curso de formación en "Programación Java"*
- *I Curso de formación en "Deseño web"*
- *XIII Curso de formación en "Catia V5: módulos CAD-DMU-CAE-CAM"*
- *XIV Curso de formación en "Catia V5: módulos CAD-DMU-CAE-CAM"*
- *III Curso de formación en "Análise avanzada da información (Microsoft Excel)"*
- *I Curso de formación en "Enxeñaría no sector aeronáutico: das tecnoloxías de deseño á xestión do mantemento"*
- *I Curso complementario en "Valoración e tratamento da rexión cervical e a súa relación cranio-mandibular (ATM)"*
- *IV Curso complementario en "Ferramentas de tradución profesional"*
- *I Curso complementario en "Introdución á programación na linguaxe C e aplicacións sobre a plataforma ARDUINO"*
- *XV Curso de máster/especialista en "Auditoría e contabilidade"*

*b) Sen aprobación previa do Presidente:*

- *VII Curso de formación en "Estatística con "R" para investigadores"*
- *V Curso de formación en "Estatística con "R" para profesionais da saúde"*



Fai constar o secretario que as leves incidencias que se detectan en algunhas das memorias presentadas no punto 8a) non entran nas competencias do Consello Social, polo que están correctas. As recollidas no punto 8b) si presentaban incumprimentos polos que se lle requiriu ao director dos cursos unha explicación, que se xunta, e que se da por suficiente. A Comisión ACORDA:

• ***-Ratificar a aprobación das memorias finais dos seguintes cursos:***

–III Curso de formación en “Deseño, programación e administración de bases de datos” –III Curso de formación en “Programación Java” –I Curso de formación en “Deseño web” –XIII Curso de formación en “Catia V5: módulos CAD-DMU-CAE-CAM” –XIV Curso de formación en “Catia V5: módulos CAD-DMU-CAE-CAM” –III Curso de formación en “Análise avanzada da información (Microsoft Excel)” –I Curso de formación en “Enxeñaría no sector aeronáutico: das tecnoloxías de deseño á xestión do mantemento” –I Curso complementario en “Valoración e tratamento da rexión cervical e a súa relación cranio-mandibular (ATM)” –IV Curso complementario en “Ferramentas de tradución profesional” –I Curso complementario en “Introdución á programación na linguaxe C e aplicacións sobre a plataforma ARDUINO” –XV Curso de máster/especialista en “Auditoría e contabilidade”

• ***-Aprobar as memorias finais dos seguintes cursos:***

–VII Curso de formación en “Estatística con “R” para investigadores” –V Curso de formación en “Estatística con “R” para profesionais da saúde”

**PUNTO 9**

*Aprobación, se procede, da axuda solicitada para a organización do concerto conmemorativo do Pergamiño Vindel.*

Como colofón da estadia do Pergamiño Vindel en Vigo, e a xeito de despedida do Reitor don Salustiano Mato e do seu equipo de goberno, o concerto reunirá aos artistas que interpretan as sete cantigas de Martín Códax no CD que acompaña ao caderno especial de 50 páxinas que a revista Galegos lle dedica á obra de Martín Códax. O Reitor subliña que se trata dunha actividade única e irreplicable porque esta será a única vez que se leve a cabo.

• ***-A Comisión aproba unha aportación de 5.000 €.***

**PUNTO 10**

*Rogos e preguntas.*

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12:35 horas do 24 de maio de 2018, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,

O presidente da Comisión Executiva,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias